

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 15 DE FEBREIRO DE 2017.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 15 de febreiro de 2017, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN. (PSG-PSOE).

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE).

MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA (PSG- PSOE).

MARÍA DEL CARMEN REY TÚÑEZ (PSG- PSOE).

JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE).

FRANCISCO JAVIER BLANCO SÁNCHEZ. (PSG-PSOE).

MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ, (PSG- PSOE).

JOSÉ DAVID GARCÍA ARCOS. (PP).

SATURNINO ABETE REDONDO (PP).

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL (BNG).

XESÚS PENA ESPIÑA. (concelleiro non adscrito)

Secretario: JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, secretario do concello.

Asiste o interventor do concello LEOPOLDO MOURE DOPICO.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

---

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 21.12.2016.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 15.12.2016 AO 09.02.2017.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ( PLAN ÚNICO DE CONCELLOS ) “” POS +2017 ””.

4º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2016.

5º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2016.

6º) DACIÓN DE CONTA DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2016.

7º) MOCIÓNS.

8º) ROGOS E PREGUNTAS.

---

## **1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 21.12.2016.**

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión do 21.12.2016.

Sometida a votación, o Pleno por unanimidade dos trece membros presentes acorda a súa aprobación.

## **2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 15.12.2016 AO 09.02.2017.**

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

15.12.16.- Inicio expediente sancionador de tráfico.

16.12.16.- Compensación da cantidade de 24.220,85 € en concepto de liquidacións do imposto sobre bens inmobles, liquidación do imposto sobre actividades económicas, e taxa por servizos e actividades relacionados coa hixiene urbana, do ano 2016, liquidadas pola Deputación á entidade mercantil Urban Portfolio Inmobiliario S.L; Urban Servicios Inmobiliarios S.L. e Urban Alkirá S.L.

19.12.16.- Aprobación da lista de persoas beneficiarias do programa de axuda alimentaria e máis da campaña municipal Brión Solidario 2016, para o mes de decembro.

19.12.16.- Devolución de fianza a un veciño pola obra de construción dunha vivenda no lugar de Liñares.

19.12.16.- Aprobación da conta xustificativa da subvención nominativa 2016 concedida polo concello ao CEIP de Pedrouzos, polo importe de 3.000 €.

19.12.16.- Aprobación da conta xustificativa da subvención nominativa 2016 concedida polo concello á escola infantil da Luaña, polo importe de 1.100 €.

19.12.16.- Aprobación da conta xustificativa da subvención nominativa 2016 concedida polo concello á escola infantil de Sabaxáns, polo importe de 1.100 €.

19.12.16.- Aprobación da conta xustificativa da subvención nominativa 2016 concedida polo concello ao IES de Brión, polo importe de 2.000 €.

19.12.16.- Recoñecemento da obriga e ordenación do pago de costas polo importe de 2.000 euros relativas á sentenza TS/6/14/2015.

19.12.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 25.177,83 euros (Gas Natural Servicios SDG, S.A).

19.12.16.- Convocatoria da Xunta de Goberno Local a celebrar o 20 de decembro.

20.12.16.- Incorporación ao servizo de axuda no fogar básico dun veciño.

20.12.16.- Pago de nóminas correspondente á extra de decembro.

21.12.16.- Adxudicación de horas dispoñibles aos usuarios que na actualidade están de alta no servizo de axuda no fogar dependencia.

21.12.16.- Aprobación das liquidacións dos tributos da Xunta de Goberno Local celebrada o 20 de decembro.

21.12.16.- Concesión de licenza municipal para a tenza de animais dos clasificados como potencialmente perigosos a un veciño.

21.12.16.- Pago de produtividade.

21.12.16.- Pago de gratificación a un funcionario.

21.12.16.- Recoñecemento de trienios a unha traballadora.

22.12.16.- Aprobación da certificación de obra núm. 1 e final, e factura do control de calidade externo da obra: Mantemento de camiños nas aldeas de Babenzo, Baliño e Alqueidón.

22.12.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 97.068,83 euros (facturas varias).

22.12.16.- Pago de nóminas correspondente ao mes de decembro.

23.12.16.- Remisión de expediente ao xulgado contencioso - administrativo núm. 2 da Coruña, polo recurso interposto por un veciño contra resolución do concello pola que se desestima recurso de reposición en expediente de reposición da legalidade urbanística.

23.12.16.- Personación no procedemento anterior perante o xulgado contencioso - administrativo nº 2 da Coruña, encomendando a defensa e representación do concello ao letrado Carlos Abal Lourido.

23.12.16.- Aprobación da certificación de obras núm.: 1 da obra de: Ampliación de redes municipais de abastecemento e saneamento nas aldeas de Coruxido e Bastavaliños.

23.12.16.- Aprobación da certificación núm.: 1 e final, e factura do control de calidade externo da obra: Mantemento de camiños de Guisande á estrada xeral (AC-300).

23.12.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación dos gastos por funcionamento do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia - PSOE por importe de 2.329 € (1º semestre)

23.12.16.- Ordenar á tesourería municipal o pago dos gastos aprobados polo pleno o 21 de decembro a través do recoñecemento extraxudicial de crédito.

23.12.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 12.429,01 euros (facturas varias).

26.12.16.- Concesión de licenza municipal para a tenza de animais dos clasificados como potencialmente perigosos a un veciño.

27.12.16.- Aprobación dunha liquidación da taxa do lixo correspondente ao ano 2016.

27.12.16.- Aprobación dunha liquidación da taxa do lixo correspondente ao ano 2016.

27.12.16.- Aprobación dunha liquidación da taxa do lixo correspondente ao ano 2016.

27.12.16.- Aprobación dunha liquidación da taxa do lixo correspondente ao ano 2016.

27.12.16.- Aprobación de corrección de erro cometido nunha liquidación no nome do obrigado tributario.

28.12.16.- Autorización para a celebración dunha festa no lugar de A Igrexa - Bastavales os días 7 e 8 de xaneiro.

28.12.16.- Alta dun veciño no programa de Xantar na Casa.

29.12.16.- Baixas de oficio no padrón municipal de habitantes por inscrición indebida.

30.12.16.- Altas no padrón de habitantes do mes decembro.

30.12.16.- Baixas no padrón de habitantes do mes decembro.

30.12.16.- Aprobación da conta xustificativa da subvención nominativa 2016 concedida polo concello á Banda de Música, polo importe de 3.300 €

30.12.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación dos gastos por funcionamento do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia - PSOE por importe de 4.245,00 € (2º semestre).

30.12.16.- Aprobación da conta xustificativa do pago a xustificar 2/2016 dunha traballadora correspondente aos gastos de adquisición de material para a Cabalgata de Reis.

30.12.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 28.220,42 euros (facturas varias).

30.12.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades correspondentes ás dietas, locomoción e manutención de diversos traballadores por importe de 1.503,27 euros.

30.12.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 16.657,42 euros (facturas varias).

30.12.16.- Facturación do mes de decembro polo canon mensual do contrato administrativo especial de explotación da cafetería do Centro da Terceira Idade.

30.12.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 7.105,56 euros (facturas varias).

30.12.16.- Aprobación expediente modificación de créditos 32/2016.

04.01.17.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 1.304,91 euros (indemnizacións por asistencias a tribunais).

09.01.17.- Prórroga do orzamento 2016.

09.1.17.- Inicio do procedemento de adxudicación do contrato: Servizo de viaxe para a terceira Idade ano 2017.

09.01.17.- Devolución de ingresos pola taxa da escola de música do 1º trimestre do curso 2016-2017 a un veciño.

09.01.17.- Devolución de ingresos pola taxa de recollida de lixo a unha veciña.

09.01.17.- Devolución de ingresos polo prezo público da actividade de pintura a unha veciña.

09.01.17.- Devolución de avais bancarios á empresa Barbatana S.L polas escolas deportivas, culturais e piscina de Bastavales.

09.01.17.- Inicio expediente sancionador de tráfico.

10.01.17.- Inicio expediente contratación do servizo de: Instalación de catro máquinas expendedoras e explotación do servizo de vending no pavillón e campo de fútbol.

10.01.17.- Baixa definitiva do recibo da taxa de recollida do lixo correspondente ao ano 2016 dunha empresa.

11.01.17.- Aprobación do expediente de contratación do servizo de: Viaxe para a terceira idade ano 2017.

12.01.17.- Aprobación do expediente de contratación do contrato administrativo especial para: Instalación de catro máquinas expendedoras e explotación do servizo de vending no pavillón polideportivo municipal e campo de fútbol.

12.01.17.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de xaneiro.

12.01.17.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar básica do mes de decembro.

12.01.17.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dependencia do mes de decembro.

13.01.17.- Adhesión ao convenio de colaboración asinado entre a Xunta e a FEGAMP para a implantación da historia social única electrónica nas entidades locais.

13.01.17.- Baixa no servizo de axuda no fogar para persoas dependentes dunha veciña.

16.01.17.- Dar conformidade ao orzamento presentado pola empresa concesionaria Espina y Delfín SL para a realización da analítica na fosa de Esparís.

16.01.17.- Aprobación do padrón fiscal das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 4º trimestre de 2016.

17.01.17.- Devolución de ingresos pola actividade de fútbol sala a unha veciña.

18.01.17.- Solicitud de subvención á FEMP de axudas dirixidas a facilitar a posta en marcha de accións para fomentar a transversalidade de xénero nos plans locais.

19.01.17.- Declarar elevado a definitivo o acordo de aprobación do orzamento xeral, xunto coas súas bases e o cadro de persoal.

19.01.17.- Declarar suficiente a comunicación relativa á intención de transmitir a totalidade das participacións sociais de Aquafit Gestión SL a favor de Servicio Cultura, Deporte y Recreación SL, para a continuación do contrato de xestión do servizo público de piscina municipal cuberta climatizada de Brión.

19.01.17.- Outorgar á empresa Procesadora Gallega de Alimentos S.L. a autorización definitiva para a instalación no concello de seis contedores para a recollida de aceite usado.

23.01.17.- Concesión de licenza municipal para a tenza de animais dos clasificados como potencialmente perigosos a un veciño.

23.01.17.- Convocatoria da Xunta de Goberno Local a celebrar o 24 de xaneiro.

23.01.17.- Subsanación de erros do padrón dos prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, 1º prazo curso 2016-2017.

24.01.17.- Aprobación da solicitude á Deputación dunha subvención nominativa para a adquisición dun tractor desbrozadora, unha apisonadora, e unha máquina varredora.

24.01.17.- Encomendar a defensa e representación do concello ao letrado da Deputación perante o xulgado contencioso - administrativo nº 1 da Coruña, polo recurso interposto por un veciño contra resolución sancionadora por mor dunha infracción de tráfico.

24.01.17.- Renovación a unha veciña da licenza municipal para a tenza de animais dos clasificados como potencialmente perigosos.

25.01.17.- Prestar conformidade á oferta económica presentada pola empresa concesionaria Espina y Delfín SL para a realización das analíticas preceptivas na fosa Vilar-Viceso e fosa Salaño Pequeño 2017.

25.01.17.- Adhesión ao Programa de integración laboral ( PIL ) mediante a execución de obras e servizos municipais da Deputación para 2017.

25.01.17.- Inicio expediente sancionador de tráfico.

27.01.17.- Baixa definitiva do recibo da taxa de recollida do lixo correspondente ao ano 2016 a unha veciña.

27.01.2017. Pagamento diferencias complemento específico a un funcionario por substitución do secretario.

27.01.2017. Recoñecemento trienios laborais.

27.01.2017. Nómina xaneiro.

31.01.17.- Adxudicación de horas libres no servizo de axuda no fogar para persoas dependentes.

31.12.17.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 69.886,56 euros ( facturas varias ).

31.01.17.- Facturación do mes de xaneiro polo canon mensual do contrato administrativo especial de explotación da cafetería do centro da terceira idade.

01.02.17.- Inicio expediente sancionador de tráfico.

01.02.17.- Solicitude de adhesión ao convenio asinado entre a FEGAMP e as empresas subministradoras de enerxía para a protección das persoas e familias en situación de vulnerabilidade ou urxencia social.

01.02.17.- Aprobación das liquidacións dos tributos da Xunta de Goberno Local celebrada o 24 de xaneiro.

02.02.17.- Altas no padrón de habitantes do mes xaneiro.

02.02.17.- Baixas no padrón de habitantes do mes xaneiro.

03.02.17.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida ao concello para a execución do convenio de colaboración entre a Xunta, a FEGAMP e as Deputacións, en materia de emerxencias, ( GES anualidade 2016 para Deputación ).

03.02.17.- Aprobación das bases do concurso de disfraces do entroido 2017.

06.02.17.- Autorizar a prórroga por un ano da comisión de servizos solicitada polo arquitecto municipal.

06.02.17.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dependencia do mes de xaneiro.

06.02.17.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar básica do mes de xaneiro.

06.02.17.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de febreiro.

07.02.17.- Convocatoria da Xunta de Goberno Local a celebrar o 8 de febreiro.

08.02.17.- Aprobación da subsanación de deficiencias dos pregos de prescricións técnicas dos subministros da subvención nominativa ano 2017 solicitada á Deputación.

09.02.17.- Convocatoria de comisións informativas e Pleno ordinario.

O Pleno queda enterado.

### **3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ( PLAN ÚNICO DE CONCELLOS ) “” POS +2017 ””.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 09.02.2017, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, en sesión do 14.02.2017, que transcrita di:

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “ POS+2017” da Deputación, publicadas no BOP do 29.11.2016.

Vista a circular sobre a aprobación das bases remitida pola Deputación mediante escrito do 01.12.2016, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2017”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2017”, “achega provincial 2016” e “préstamo provincial 2017”:

#### **A ) Financiamento do pago a provedores:**

	Deputación
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0
Subtotal pago a provedores	0

#### **B ) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes	320.997,47
Subtotal gasto corrente	320.997,47

**C ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
	0	0	0
Subtotal investimentos achega provincial 2017	0	0	0

ACHEGA PROVINCIAL 2016 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Proxecto de mantemento e mellora de diversas pistas municipais do Concello de Brión: Aldea de Bemil.	31.632,31	0	31.632,31
Proxecto de mantemento e mellora de diversas pistas municipais do Concello de Brión: Aldea de Cornanda.	49.731,81	0	49.731,81
Proxecto de mantemento e mellora de diversas pistas municipais do Concello de Brión: Aldea de Nináns.	61.251,14	0	61.251,14
Proxecto de mantemento e mellora de diversas pistas municipais do Concello de Brión: Viceso-Esparís.	31.906,29	0	31.906,29
Proxecto de mantemento e mellora de diversas pistas municipais do Concello de Brión: Coruxido – Piñeiro- Gundín - Guitiande	23.015,35	7.347,85	30.363,20

<b>Subtotal investimentos achega provincial 2016</b>	<b>197.536,90</b>	<b>7.347,85</b>	<b>204.884,75</b>
--	-------------------	-----------------	-------------------

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
	0	0	0
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2017</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+2017 e que se relacionan nestas táboas.

**D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos:**

Denominación do proxecto cuxos honorarios de redacción se solicitan ( achega provincial 2017)	Deputación
	0
<b>Subtotal redacción de proxectos</b>	<b>0</b>

**E) Financiamento de achegas municipais a outros plans ou programas:**

Denominación do proxecto cuxos honorarios de redacción se solicitan	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de achegas municipais	0
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de achegas municipais para investimentos financeiramente sostibles	0
<b>Subtotal achegas municipais</b>	<b>0</b>

**F) Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	Número/código de préstamo	Importe de “ préstamo provincial 2017 ” aplicado á redución da débeda
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA SA	0182-5947-895-46031959	121.540,97

BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA SA	0182-5947-895-45796114	15.169,18
BANCO SABADELL	0081-8074584374-79	5.885,51
ABANCA	2080-0327-065471-000-00-5	69.756,51
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		<b>212.352,17</b>

**G) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A. PAGO A PROVEDORES	Achega 2016	0	0	0
	Achega 2017	0	0	0
B. GASTOS CORRENTES	Achega 2017	320.997,47	0	320.997,47
C. INVESTIMENTOS	Achega 2017	0	0	0
	Achega 2016	197.536,90	7.347,85	204.884,75
	Préstamo 2017	0	0	0
D. HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2017	0	0	0
E. ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2017	0	0	0
	Achega 2016	0	0	0
F. REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2017	212.352,17	0	212.352,17
<b>TOTAL</b>	<b>Achega 2017</b>	<b>320.997,47</b>	<b>0</b>	<b>320.997,47</b>
	<b>Achega 2016</b>	<b>197.536,90</b>	<b>7.347,85</b>	<b>204.884,75</b>
	<b>Préstamo 2017</b>	<b>212.352,17</b>	<b>0</b>	<b>212.352,17</b>
	<b>TOTAL</b>	<b>730.886,54</b>	<b>7.347,85</b>	<b>738.234,39</b>

2- Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles ( mínimo do 20% do total da achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Proxecto de mantemento e mellora de diversas pistas municipais do Concello de Brión: Santa Minia - O Enxo.	115.974,86
Proxecto de mantemento e mellora de diversas pistas municipais do Concello de Brión: A Torre.	44.342,08
<b>TOTALS</b>	<b>160.316,94</b>

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2017, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Debate:

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que é unha achega importante para o concello, pero que me gustaría que a proposta tivera un consenso en fase de elaboración previa, que non viñera a proposta pechada; probablemente serían as mesmas actuacións, pero o procedemento sería máis correcto; e que na memoria explicativa das estradas aparece unha cousa que non me gusta, que é froito do corta e pega, porque hai texto en galego e castelán, que creo que non é de recibo, que sexa nun idioma ou noutro, e solicito que se corrixa no futuro.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2), BNG (1), e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

#### **4º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2016.**

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 4º trimestre de 2016, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

#### **5º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2016.**

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas referente á situación de morosidade

correspondente ao 4º trimestre de 2016, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

#### **6º) DACIÓN DE CONTA DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2016.**

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas referente ao cálculo sobre o período medio de pago no 4º trimestre do ano 2016, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno toma coñecemento.

#### **7º) MOCIÓNS.**

Aprobouse por unanimidade dos trece membros presentes a urxencia das seguintes mocións:

#### **7.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE OS DANOS CAUSADOS POLOS TEMPORAIS DE FEBREIRO E AS RESPONSABILIDADES DAS COMPAÑÍAS ELÉCTRICAS SUBMINISTRADORAS.**

Dada conta polo Sr. Concelleiro Penas Corral da moción, que transcrita di:

Exposición de motivos.

Ao longo dos primeiros días de febreiro de 2017 producíronse en Galiza unha serie de temporais sucesivos, derivados dos mesmos producíronse importantes danos en propiedades privadas e en infraestruturas e equipamentos públicos.

Un dos efectos máis graves foi o dos cortes do subministro eléctrico que afectaron a centos de veciños e veciñas durante máis de 48 e 72 horas. Unha situación que ten a ver coas deficiencias da infraestrutura da rede eléctrica, co abandono dos labores básicos e continuados de mantemento das liñas eléctricas e co insuficiente e tardío operativo das empresas distribuidoras e subministradoras finais de enerxía eléctrica.

Tendo en conta a gravidade da situación, cómpre facer unha primeira avaliación dos danos producidos e aprobar un decreto de axudas para facer fronte as perdas tanto no ámbito público como privado.

Non é aceptábel que Galiza, sendo produtora e excedentaria de enerxía eléctrica, con numerosos encoros, minicentraís, centrais térmicas ou parques eólicos instalados ao longo do seu territorio que xeran enerxía sen parar, tendo que asumir os custes ambientais de dita actividade, estea obrigada ademais a soportar unha pésima calidade no subministro eléctrico.

Polo anteriormente exposto, o grupo do BNG presenta a seguinte moción para o seu tratamento e debate polo Pleno da Corporación:

ACORDOS:

- a) Solicitar ás compañías eléctricas o rexistro de incidencias, interrupcións, datas de inicio, horas de solución, causas e lugares no que se produciron.
- b) Prestar apoio inmediata á veciñanza a través dos servizos municipais, a fin de colaborar na presentación de reclamacións ou solicitudes de axuda, así como un seguimento da tramitación e actuación. Asemade, poñer a disposición dos veciños e veciñas a posibilidade dunha reclamación conxunta no nome do concello.
- c) Esixir responsabilidades e establecer medidas sancionadoras ás empresas titulares das infraestruturas polo mal estado das mesmas e ás prestadoras de servizos de subministro

eléctrico polo tardío e deficiente operativo de resposta para minimizar os efectos dos cortes do servizo.

d) Obrigar ás empresas subministradoras de enerxía a efectuar unha auditoría da situación das liñas eléctricas en Brión, presentar un plan para subsanar as deficiencias urxentes e unha programación para acometer os investimentos precisos de forma continuada que garantan unha axeitada conservación da infraestrutura eléctrica e sobre todo que garante que non se volva a repetir tal situación.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que é o que estamos a facer, chegouse a un acordo coa FAEPAC (Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña) que é unha fundación da Deputación, para prestar un servizo gratuíto de información para presentar reclamacións individuais e para ver que casos son susceptibles de reclamación e cales deben derivarse ás oficinas de consumo; o concello pode prestar axuda acompañando ás persoas que presenten dificultades para obter a información facéndolles as chamadas ou, no seu caso, axudándolles a facer as reclamacións en consumo no caso de que esta fundación estime esa vía como a máis axeitada ; farase un bando e anunciarase na revista para que o coñezan os veciños; a auditoría xa está pedida con anterioridade á FAEPAC e polo tanto o que se solicita xa o está a facer o concello, polo que pode aprobarse nestes termos.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2), BNG (1), e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción.

## **7.2. MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO PARA SOLICITAR A DERROGACIÓN DO RDL 16/2012.**

Dada conta polo Sr. Concelleiro Pena Espiña da moción, que transcrita di:

Recollo o texto do Manifesto que nos remite a Rede Galega pola Defensa do Dereito a Saúde integrada por Médicos do Mundo, Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria, Foro da Inmigración, Amnistía Internacional, Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública e a Plataforma SOS Sanidade Pública. Este documento de consenso, pretende a derogación do RD Lei 16/2012 que suprimiu o dereito á asistencia sanitaria a: inmigrantes, as persoas novas que non se declaren pobres (>26 anos) e persoas que traballen tres meses fora do Estado. Ademais, obriga aos xubilados a pagar os medicamentos e incrementa o copago ao resto da cidadanía. Está pendente de desenvolvemento, a creación de dúas novas carteiras de servizos de copago e estender os mesmos a próteses e transporte en ambulancias.

Desde a Plataforma, pretenden recoller firmas de rexeitamento de traballadores/as do Sistema Sanitario Público Galego, ao devandito decreto. Colaboran nesta iniciativa: CIG, CCOO, UGT e PROSAGAL, e queren presentar mocións de apoio a esta solicitude no Parlamento de Galicia, nos concellos, nas deputacións, nos colexios de médicos/as, de enfermaría, psicólogos/as, traballadores/as sociais, asociacións de profesionais sanitarios, etc....

O manifesto que presentan e o que sigue:

Exposición de motivos.

O dereito á saúde queda recollido na Constitución española no seu artigo 43, capítulo terceiro (Dos principios reitores da política social e económica). A sanidade é unha das competencias que poden ser delegadas ás comunidades autónomas, e son varios os Estatutos de Autonomía que recollen o principio de universalidade do acceso á atención sanitaria.

O Consello de Ministros aprobou o 20 de abril de 2012 o Real Decreto Lei 16/2012, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións, polo que se puxo en andamento unha reforma estrutural do Sistema Nacional de Saúde. Con data de 4 de agosto de 2012, publicouse o Real Decreto 1192/2012, que desenvolve os requisitos e condicións das figuras de persoas aseguradas e beneficiarias do Sistema Nacional de Saúde.

Esta disposición supuxo unha transformación profunda do noso sistema sanitario. Por unha banda, reduciu a carteira básica de servizos, reducindo a achega pública sobre medicamentos, prestacións e recursos sanitarios, co conseguinte incremento do gasto para as familias. Por outra banda, modificouse o dereito de acceso ao SNS, supeditando o mesmo á condición de "asegurado" ou "beneficiario". Desta forma, a nova lexislación rompeu co principio fundamental de universalidade do Sistema Nacional de Saúde. Os efectos desta medida teñen sido devastadores sobre a poboación máis vulnerábel, tal como foi documentado ao longo dos últimos anos por diversas organizacións sociais. Algúns informes recentes advirten dos numerosos casos en todo o territorio español de persoas que viron vulnerado o seu dereito humano á saúde, como consecuencia da exclusión sanitaria. Neste senso a área sanitaria de Galicia non é unha excepción e son múltiples os casos de vulneración que nos reportan as organizacións sociais.

Xa desde o momento da súa aprobación o RDL 16/2012 foi contestado desde algunhas autonomías, que rexeitaron a súa aplicación ou proveron mecanismos para evitar que as persoas en situación irregular, ficaran totalmente fóra do sistema sanitario. Paulatinamente, ao longo de 2015, varios gobernos autonómicos aprobaron decretos, instrucións e ordes que ampliaban substancialmente o acceso ao sistema por parte destas persoas. Estas medidas, aínda que positivas, non foron suficientes para revertir as consecuencias da exclusión sanitaria imposta polo Real Decreto Lei 16/2012.

En vista da situación anteriormente descrita, faise evidente que o fin definitivo da exclusión sanitaria e a restitución dun sistema sanitario verdadeiramente universal só poden chegar a través dunha modificación lexislativa de alcance nacional.

En relación a todo o exposto este concelleiro somete ao Pleno do concello a aprobación da seguintes propostas:

- 1.- Que o Concello de Brión inste á Xunta de Galicia a non aplicación do RDL 16/2012 no territorio galego.
- 2.- Que o Concello de Brión solicite ao Goberno do Estado a derogación do RDL 16/2012.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que isto xa foi aprobado na Deputación da que eu formo parte o 21.12.2016, e foi presentado polo BNG e PSG-PSOE cunha pequena modificación, que é que se pedía soamente a derogación polo Goberno do Estado, polo que para ser coherente debería votar o mesmo, e respecto ao fondo do asunto non teño nada que obxectar.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que non é contradictorio manter os dous puntos, pero se o Estado o derroga a Xunta de Galicia non pode facer nada, polo que se acepta a emenda in voce presentada pola alcaldía.

O Sr. Concelleiro García Arcos sinala que nós imos votar en contra, que nunca entendimos iso de traer política estatal ao Pleno, que debe ser para a política local, e que pode presentarse a solicitude pola plataforma como iniciativa popular ante o Goberno do Estado.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción coa emenda aceptada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), BNG (1), e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 2, pertencentes ao grupo municipal do PP (2).

Abstencións: 0.

En consecuencia queda aprobado o seguinte acordo:

1º) Que o Concello de Brión solicite ao Goberno do Estado a derogación do RDL 16/2012.

## **8º) ROGOS E PREGUNTAS.**

### **8.1. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do BNG:**

1. Sobre a situación relativa aos danos producidos polo temporal.

Mais aló dos aspectos referentes ao subministro eléctrico ( recollidas na moción correspondente ) cal é a situación referente aos danos producidos en infraestruturas e equipamentos públicos. Así mesmo, ten o concello algunha información ou rexistro sobre danos nas propiedades privadas?

Responde o Sr. Alcalde que con respecto aos danos no público temos unha relación de danos como os dun día de temporal de inverno, tampouco vai máis aló, farois estragados, sinais polo chan, cableado eléctrico baixo nalgúns lugares, e que en Goiáns, Gundín, Viceso e outros lugares botaron dous días sen luz, pero agora está todo reparado, como nun temporal de inverno.

2. Sobre o aniversario de Rosalía de Castro.

O vindeiro 24 de febreiro cómprese 180 anos do nacemento de Rosalía de Castro. Coñecendo o vínculo que tiña co noso concello, cales son as actividades lúdico culturais que ten previsto realizar o concello durante este ano?

O Sr. Alcalde sinala que aínda que cae en mala data por coincidir co Entroido, faranse actuacións na casa de cultura e na biblioteca, algunhas cousas celebraranse en marzo, faranse exposicións na biblioteca, espectáculos de monicreques sobre a vida de Rosalía, actividades na biblioteca sobre as obras e xogos de creación literaria, unha pequena saída pedestre cun recital sobre Rosalía e lectura de poemas, e farase tamén unha campaña de fomento da visibilidade da figura de Rosalía e outras actuacións, e remata sinalando que creo que é unha celebración digna.

3. Sobre a taxa ás subministradoras eléctricas.

Após que o Tribunal Supremo veña de avalar diversas sentenzas a favor de que os concellos graven as instalacións, transporte e utilización do dominio público local por parte das compañías eléctricas, desexamos saber cal vai ser a posición do grupo de goberno sobre a posibilidade de establecer unha taxa tal e como se está a valorar noutros concellos.

Responde o Sr. Alcalde que está de moda estes días, pero que é máis interesante unha ordenanza que aprobou o Concello de Pontevedra hai pouco que prevé o pago de cantidades máis importantes, e que a estimación do que nos deben pagar do 2016 as compañías é de 46.512 euros.

4. Sobre a residencia de maiores en Lamas de Albariño.

Informados pola prensa e por algúns veciños do inicio das obras da residencia para maiores no noso concello, e a fin de dispoñer de moita máis información no relativo á mesma, desexamos se poña a dispor do resto de concelleiros todo o expediente ou ben se nos informe en Pleno.

Uso ( público/privado ), por qué FESAN é a promotora, quen vai xestionar o uso futuro, o solo onde se vai urbanizar era privado, público, canto van durar as obras, seleccións de persoal, pregos de concursos, etc ...

Responde o Sr. Alcalde que teño moi pouco que dicir, que se trata dunha empresa privada que decide facer unha residencia nunha finca súa, saca a licenza e presenta autorización para levala a cabo e pouco máis; tiveron entrevista cos servizos sociais municipais para ver se podemos ter persoal preparado para o que teñan alí porque están interesados en que o persoal sexa de aquí; respecto do prazo de execución son os prazos legais de calquera licenza, pouco máis podo dicir, é unha iniciativa privada e non van consorciar ningunha praza nin coa xunta nin co concello, é de xestión privada 100%.

## **8.2. Rogos e preguntas formulados por escrito polo concelleiro non adscrito.**

1. Recentemente o Concello de Arteixo ven de gañar unha sentenza no Tribunal Supremo mediante a cal queda avalada a legalidade da pretensión que tiña este concello de impoñer ás compañías enerxéticas o cobro de tributos municipais polos tendidos eléctricos, subterráneos e canalizacións de gas, de maneira que o solo que ocupan as infraestruturas de transporte de enerxía pasarían a tratarse como construcións a efectos de determinar as bases tributarias.

Dado que o noso concello está afectado por algunha destas infraestruturas de transporte de enerxía, este concelleiro quere saber:

a) Se o Goberno municipal coñece o alcance da sentenza antes citada?

b) No caso afirmativo, se ten pensado poñer en marcha a normativa pertinente para o cobro dos tributos correspondes ás compañías enerxéticas que utilizan o territorio do noso concello?

Responde o Sr. Alcalde que dáse por contestada co dito antes, os servizos xurídicos do concello van estudalo para ver si se pode cobrar máis.

2. Ao longo do concello existen un bo número de vallas publicitarias de promocións inmobiliarias, algunhas rematadas e outras que foron ao fracaso e mesmo algún que outro caseto de información de a pé de obra. Todos estes elementos supoñen un perigo nos días de mal tempo polo risco de que se desprendan láminas ou pezas metálicas e ademais esteticamente son elementos propios do "feísmo urbano" e da desidia dos promotores.

O meu rogo é que o Goberno municipal poña en marcha os mecanismos necesarios para retirar, ou obrigar a retirar todos estes elementos fóra de uso.

Sinala o Sr. Alcalde que o aceptamos por suposto, estamos niso, pero que tamén é feo que os carteis de publicidade queden sen retirar despois das eleccións como fai vostede.

**3.** Nos pasados días os fortes temporais afectaron a numerosas propiedades de veciños/as de Brión. Danos materiais, seguramente moitos inevitables, pero outros causados polos deficientes servizos que prestan as compañías de electricidade e que se concentraron en numerosos cortes de enerxía eléctrica por moitas horas en numerosos lugares do concello.

Este concelleiro quere saber se o concello vai habilitar algún tipo de axuda ou oficina de asesoramento para facilitar as posibles reclamacións que os afectados, polos cortes de electricidade, queiran realizar? Ou mesmo se vai realizar algunha reclamación formal ás compañías de electricidade?

Responde o Sr. Alcalde que creo que está contestada anteriormente.

**4.** Na sesión ordinaria da Xunta do Goberno Local do 24 de xaneiro de 2017 dáse conta da cesión do vello IES de Esparís en Viceso á Asociación Kraken Airsoft Galicia por un tempo de tres anos, prorrogable ate un máximo de catro e a título gratuito. Maniféstase que a cesión a esta asociación é para "a realización de actividades de airsoft e actividades lúdico deportivas e culturais ao aire libre".

Este concelleiro quere saber:

**1.** Coñece o Goberno municipal en que consisten as actividades de airsoft?

**2.** Teñen visualizado nas redes sociais como se presentan estas actividades?, como van vestidos os que as practican?, que instrumentos portan para á "actividade"?, que linguaxe utilizan?, que valores fomentan?.

**3.** Considera o Goberno municipal que estas "actividades" son unha boa maneira de fomentar entre as persoas e, en especial, entre os mais xóvenes, a cultura e os valores da paz e a convivencia.?

**4.** Parécelle acertado, ao Goberno municipal, a cesión deste local a título gratuito, cales son as razóns, si é que existen e se poden explicar publicamente?

**5.** Non podería ter outros usos o vello local do IES de Esparís, que non fose para xogar á guerra os/as señoritos e señoritas estresados/as?

Responde o Sr. Alcalde que como isto é opinable non teño moito que dicir, que o inmovible está abandonado e nun estado calamitoso e se lle cedeu o uso coa condición de que o limpen e teñan unha póliza de seguros; que non é vontade do equipo de goberno promover estas actividades, é unha iniciativa privada sen ánimo de lucro e viñeron a falar vestidos normais e falando educadamente.

Engadir que hai pouco cortaron un teito cunha radial e o estaban preparando para levalo e que isto ao mellor permite manter o local en condicións dignas.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que o local foi obxecto de polémica hai anos polo tema de como a Xunta de Galicia enviou as chaves; creo que é negativo, a cesión gratuita non é de recibo, o concello debe velar a promocionar actividades que valoren a paz e a convivencia e desta maneira dalgún xeito se está a fomentar o contrario; son paramilitares, e eu vin un vídeo de como se fan estas actividades, de como disparaban con bolas de poliespan a unha sandía e remataban dándolle un culatazo; creo que debemos fomentar a cultura da paz e non a violencia, que xa bastante violencia hai por aí adiante.

O Sr. Alcalde sinala que deben manter o inmovible en condicións e non deixa de ser un xogo como pode ser xogar as máquinas, e o de gratuíta é entre comillas porque é a cambio da limpeza do recinto, e en quince días tivo un cambio tremendo, e se xurde outra actividade de maior interese do concello se lle podería retirar a autorización.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e cincuenta minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González